

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA 2º ESO (CPI VIRXE DOS REMEDIOS)

1. Relación de Unidades Didácticas e obxectivos das mesmas

UD	Título	Descrición	Trimestre
1	Cinema galego	<p>Iniciaremos o curso cunha avaliación inicial que xire arredor do cinema galego reforzando os coñecementos previos do sistema ortográfico galego-portugués. Abordarase o estudo da fonemática e da sílaba para acabar coa palabra e a súa estrutura e tipos. Así mesmo, o tema da unidade serviranos para analizar a linguas da península Ibérica e a súa situación legal, ademais de aprofundar na análise dos xéneros literarios que se porán en relación cos libros de lectura obrigatorios do curso. Remataremos a unidade coa gravación dunha curta grupal que fomente temas da comarca da Terra de Caldelas, a súa historia e tradicións.</p>	1º T
2	Publicidade creativa	<p>A avaliación inicial desta unidade a través de diferentes imaxes e fragmentos de anuncios serviranos para promover o recoñecemento dos tipos de palabras e a adquisición de novo léxico. Subseguintemente, abordaremos as especificidades do substantivo e o adxectivo no noso idioma. Alén disto, a temática proposta serviranos para introducir o estudo das diferentes relacións semánticas existentes. O conto e a novela serán os subxéneros tratados e a análise das súas características conectaranse co libro trimestral, aproveitando tamén para traballarmos aspectos ortográficos (acentuación, puntuación, uso de maiúsculas...). A lusofonía ocupará os esforzos no epígrafe lingua e sociedade, sendo o obxectivo lograr que o alumnado estableza correspondencia con algún centro dun país portugués falante. Proporase a creación dunha campaña a favor do uso do galego en formato discrecional que enfatice nos contidos apreñendidos.</p>	1º

3	Bandas deseñadas	Partíndomos dunha selección de viñetas de Luís Dávila o alumnado deberá reflexionar sobre os estereotipos lingüísticos do galego, o cal dará pé para abordar os niveis de competencia e a valoración social do idioma. A través do estudo do pronome persoal e as súas casuísticas, traballaremos sobre os elementos do texto narrativo (narrador, personaxes, espazo e tempo), así como os aspectos básicos da cohesión textual, todos eles sempre asociados ao libro de lectura obrigatorio. Para finalizar, proporemos o desenvolvemento por grupos dunha banda deseñada en colaboración co departamento de artes plásticas sobre os usos do galego e o seu peso específico na comarca de Caldelas.	1º T
4	Caldelas son	A actividade inicial desta unidade versará sobre a música galega, e nela o alumnado recollerá unha selección de cancións dentro e fóra do centro co que confeccionará unha listaxe a través da cal traballaremos vocabulario e contidos da materia. Gravitando sobre esta temática estudaremos o artigo, os posesivos e os demostrativos (deixe), reforzándonos aspectos ortográficos (uso de b e v, uso da h,...). En literatura analizaranse as características da poesía lírica, as formas e a linguaxe poéticas vinculándoas co libro do segundo trimestre, que pertencerá ao xénero lírico. No final desta unidade desenvolverase un recital poético e musical onde o alumnado presente composicións propias e poida reproducir as cancións en galego descubertas ao longo deste proceso.	2º T
5	Fanzine caldelao	A partir do estudo de formas de comunicación canónicas (prensa, internet,...) chegaremos a modalidades máis underground que enfatizan na creatividade e orixinalidade. A confección de maneira grupal dun fanzine sobre o instituto Virxe dos Remedios será, pois, a finalidade dunha unidade na que se introducirán os verbos regulares e irregulares, aspectos ortográficos (uso de s e x, comas e puntos e comas), os conceptos de normalización (emparentándoo co espírito do proxecto) e normativización e os diferentes préstamos e estranxeirismos.	2º T
6	Podcast ribeirao	O proxecto desta unidade gravitará arredor da gravación dun podcast sobre a Ribeira	2º T

		Sacra e a súa contorna. Alén de promover o traballo en grupo, deséxase implementar o estudo das diferentes variedades dialectais do idioma facéndonos fincapé na propia da Terra de Caldelas, da cal o alumnado poderá recompilar información a través de entrevistas e gravacións, ademais de elaborar unha recollida de léxico propio da zona. Asemade, estudaremos os verbos regulares e irregulares e algúns aspectos ortográficos (uso de n e ñ).	
7	Didascalias	A penúltima unidade insérese no xénero dramático ao cal pertencerá o libro de lectura obrigatoria da terceira avaliación. Esta e a última teñen como obxectivo a elaboración e representación dunha peza teatral e a saída programada a Ourense para asistir a unha obra de teatro (NEVERMORE). Ademais do traballo específico do proxecto final abordaranse nesta unidade temas sintácticos (a oración, Suxeito e Predicado e algúns dos seus Complementos), os xéneros e subxéneros dramáticos e a análise da peza teatral proposta para lectura desde unha perspectiva de xénero.	3º T
8	Teatro irmandiño	Nas últimas sesións seguirase preparando a peza dramática que, preferentemente, se representará no castelo de Castro Caldelas, de inevitables reminiscencias irmandiñas. Remataremos coa sintaxe (os complementos do verbo restantes e as modalidades oracionais). Nas últimas datas celebrarase a función dramática que poña o colofón ao curso académico.	3º T

2. Criterios de avaliación e recuperación

A presente programación didáctica aplicará os criterios de cualificación ao longo de todo o curso tomando como referencia as porcentaxes establecidas en cada unidade didáctica para cada un dos instrumentos de avaliación. Para tal fin, e como se indica máis enriba, empregaranse tanto probas escritas como as táboas de indicadores. Realizaranse, como mínimo, dúas probas escritas por trimestre puntuadas sobre 6 nas que se incluírán preguntas de comprensión escrita e contidos de gramática, léxico, ortografía e educación literaria literatura. Nas probas escritas poderá descontarse 0,05 por cada falta de ortografía ata un máximo de 1 punto. Da nota destas probas resultará unha nota media. Tal e como se

específica na introdución e na descrición das unidades, en cada avaliación propoñeranse unha serie de tarefas ou proxectos mediante os cales o alumnado poderá demostrar a consecución e o nivel de dominio das diferentes competencias clave en cada caso, puntuando ata un máximo de 2 puntos. En cada trimestre avaliarase o libro de lectura obrigatorio e este terá unha puntuación máxima de 1 punto na nota trimestral.

A avaliación do traballo diario levarase a cabo tendo en conta a participación na aula e a entrega das distintas tarefas académicas propostas. Este terá un puntuación máxima de 1 punto na nota trimestral. Para a avaliación deste apartado o profesorado empregará a observación directa, o rexistro no libro do profesor, listaxes de control e/ou rúbricas.

A cualificación de cada avaliación resultará da nota media das probas escritas (60%), á que se lle sumará a nota obtida na avaliación do libro de lectura (10%), a valoración do traballo diario (10%), a tarefa de competencias clave (20%) e a proba oral (10%). Para aprobar a avaliación é necesario que a suma anterior dea como mínimo un cinco.

A nota final de curso será a nota media das tres avaliacións, tendo en conta a nota real e non a ponderada. No caso de que resulte beneficioso para o alumnado, a terceira avaliación puntuará dobre, é dicir, multiplicarase a cualificación da terceira por dous, sumaranse a primeira e a segunda e, finalmente, dividirase entre catro. O período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase a actividades de apoio, reforzo, recuperación e ampliación segundo as necesidades detectadas no noso alumnado. As actividades de apoio, reforzo e recuperación realizaranse co fin de preparar ao alumnado de cara á realización dunha proba final que servirá para superar a materia no caso daqueles estudantes que o precisen.

Información adicional

- O estudante que non realice un exame na data fixada deberá presentar xustificante oficial para poder realizar o mesmo.
- Non se recollerán traballos fóra de prazo.
- Empregar métodos fraudulentos na realización das probas, permitir que outros copien o seu traballo ou participar en calquera actividade ou estratexia ilícita para mellorar os resultados implicará a obtención automática dun cero (0) como cualificación.
- Calquera proba gravemente ilexible ou mal presentada poderá non ser cualificada ou rebaxada na nota.

Criterios de recuperación:

Realizaranse actividades de apoio, reforzo e recuperación para aqueles alumnos que non teñan superado o curso. Estas orientaranse co fin de preparar ao alumnado de cara á realización dunha proba final. Para superar a materia será necesario conseguir, como mínimo, un cinco na devandita proba.